

**Artigo 6.** *Revisión da designación dos centros, servizos e unidades de referencia e das técnicas, tecnoloxías e procedementos que realizan.*

1. Se o centro, servizo ou unidade deixa de cumprir algún dos criterios en función dos cales se designou como de referencia, o Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, revogará a súa designación.

2. O Ministerio de Sanidade e Consumo, logo de acordo do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde, revisará, como mínimo cada cinco anos, as técnicas, tecnoloxías e procedementos para as cales se designaron centros, servizos ou unidades de referencia, co fin de determinar se procede que sigan sendo de referencia ou se é conveniente xeneralizar a súa aplicación no Sistema Nacional de Saúde.

**Artigo 7.** *Acreditación dos centros, servizos ou unidades de referencia.*

O Ministerio de Sanidade e Consumo, a través da Axencia de Calidade do Sistema Nacional de Saúde, elaborará o manual e o procedemento de auditoría para a acreditación dos centros, servizos e unidades de referencia do Sistema Nacional de Saúde cos criterios que se establezan por proposta do Comité de Designación de Centros, Servizos e Unidades de Referencia do Sistema Nacional de Saúde.

**Artigo 8.** *Obrigas dos centros, servizos ou unidades de referencia.*

A designación dun centro, servizo ou unidade como de referencia implica as seguintes obrigas:

1. Establecer e manter o sistema de información previsto no artigo 3.1.f).
2. Facilitar a información que lle sexa requirida en calquera momento para comprobar que cumpre os criterios para a súa designación.
3. Notificar calquera modificación dos criterios en función dos cales se designou como de referencia.
4. Comunicar os incidentes que afecten a atención das patoloxías ou as técnicas, tecnoloxías e procedementos diagnósticos ou terapéuticos para os que foi designado como de referencia.
5. Someterse á renovación da designación prevista no artigo 5.5.

**Artigo 9.** *Financiamento.*

O Fondo de Cohesión Sanitaria, establecido no artigo 4.B).c) da Lei 21/2001, do 27 de decembro, financiará a asistencia sanitaria derivada, entre comunidades autónomas, a un centro, servizo ou unidade de referencia do Sistema Nacional de Saúde. Este financiamento aplicarase unicamente para as patoloxías ou as técnicas, tecnoloxías e procedementos diagnósticos ou terapéuticos para os cales o dito centro, servizo ou unidade foi designado de referencia e nas condicións e contías que se recollen no correspondente anexo do real decreto que regula o Fondo de Cohesión Sanitaria. No caso das comunidades autónomas de Canarias e das Illes Balears, a compensación incluírá tamén a atención aos procesos dos pacientes desprazados desde outras illas do seu territorio diferentes a aquela en que se sitúe o centro, servizo ou unidade de referencia designado.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.1.<sup>a</sup> e 16.<sup>a</sup> da Constitución española.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

A ministra de Sanidade e Consumo ditará cantas disposicións requira a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de novembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade e Consumo,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ

## MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**19824** *ORDE EHA/3482/2006, do 19 de outubro, pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais dos bens inmobles e se determina a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación de determinadas comunicacións catastrais. («BOE» 273, do 15-11-2006.)*

O texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, establece no seu artigo 13.1 que as declaracións polas cales se manifesta ou reconece ante o Catastro Inmobiliario que se produciron as circunstancias determinantes dunha alta, baixa ou modificación da descrición catastral dos inmobles, se realizarán na forma, prazos, modelos e condicións que sexan determinadas polo Ministerio de Facenda (na actualidade, Ministerio de Economía e Facenda). Pola súa parte, o Real decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve a citada disposición legal, prevé a determinación mediante orde do Ministerio de Economía e Facenda da forma, modelos, medios e demais condicións en que se deban presentar as declaracións catastrais. A aprobación destas normas e da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, determina a necesidade de elaborar novos modelos de declaracións catastrais adaptados á nova normativa catastral e tributaria, o que se fai mediante esta orde.

Xunto coa citada adaptación á nova normativa, esta orde introduce unha radical simplificación dos modelos para facilitar o cumprimento polos cidadáns das obrigas tributarias ante o Catastro. Para iso, deseñáronse uns novos modelos fáciles de cubrir, nos cales, ademais, se describen de forma clara e precisa os documentos que

deben acompañar as declaracións que deban ser presentadas. Paralelamente, e con idéntico fin, recóllense posibles canles de colaboración entre distintas institucións neste ámbito, de forma que fedatarios públicos, xestores administrativos e outros axentes que interveñen no tráfico inmobiliario, poidan presentar as declaracións catastrais en representación dos obrigados tributarios. Tamén prevé esta orde, como xa fixera a Orde do 10 de febreiro de 1999, á cal substitúe, a posibilidade de presentación telemática das declaracións catastrais, respondendo así aos avances que ofrece a tecnoloxía nesta materia.

Alén diso, a redacción dos modelos de declaración en castelán e na outra lingua cooficial de cada comunidade autónoma, en cumprimento do previsto no artigo 34.1.d) da Lei xeral tributaria, permitirá o normal exercicio do dereito dos obrigados tributarios a utilizar calquera das linguas oficiais no territorio da súa comunidade.

A orde recolle tamén a posibilidade de modificar os modelos de declaración para acollerse ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade previsto no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes.

Por outra parte, esta orde dá cumprimento á previsión contida nos artigos 31.2 e 35.3 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril, ao recoller a información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación das comunicacións a que se refire o artigo 14 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario nas súas alíneas b) e c).

Finalmente, o contido desta orde foi previamente sometido a informe da Comisión Técnica de Cooperación Catastral. Na súa virtude, dispoño:

#### Artigo 1. *Modelos de declaración.*

1. Apróbanse os seguintes modelos de declaración de alteracións catastrais dos bens inmobles urbanos, rústicos e de características especiais, que figuran como anexo desta orde:

- a) Modelo 901 N: declaración catastral por alteración da titularidade e por variación da cota de participación en bens inmobles.
- b) Modelo 902 N: declaración catastral por nova construción, ampliación, reforma ou rehabilitación.
- c) Modelo 903 N: declaración catastral por agregación, agrupación, segregación ou división.
- d) Modelo 904 N: declaración catastral por cambio de clase de cultivo ou aproveitamento, cambio de uso e demolición ou derrubamento.

2. Nas comunidades autónomas en que exista, ademais do castelán, outra lingua oficial, estarán á disposición dos interesados impresos dos modelos aprobados nas dúas linguas oficiais.

#### Artigo 2. *Documentación xeral.*

1. En todas as declaracións catastrais deberá consignarse o número de identificación fiscal (NIF) ou o número de identificación de estranxeiro (NIE) do declarante e, se é o caso, do seu representante.

Se non se dispón de etiqueta de identificación fiscal, achegarase fotocopia cotexada do documento expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria para a constancia do número de identificación fiscal do declarante, ou do seu documento nacional de identidade (DNI) ou, se é o caso, do documento oficial en que conste o seu número de identificación de estranxeiro. Nos supostos en que a declaración se presente nas xerencias ou subxerencias do Catastro ou nas entidades que subscribisen coa Dirección Xeral do Catastro un convenio para a tramita-

ción da devandita declaración, abondará a mera exhibición de calquera dos citados documentos ante o funcionario do correspondente rexistro administrativo.

Así mesmo, cando as declaracións se presenten por medio de representante deberase achegar o documento acreditativo da representación con que se actúe.

2. En caso de que non conste a referencia catastral do inmovible ou inmobles afectados pola declaración no documento que acredite a alteración, achegarase certificación catastral electrónica obtida a través da Oficina Virtual do Catastro (<http://ovc.catastro.meh.es>) ou certificación catastral ou calquera outro documento expedido polo xerente ou subxerente do Catastro onde conste a referencia catastral ou fotocopia do último recibo xustificante do pagamento do imposto sobre bens inmobles.

#### Artigo 3. *Documentación específica.*

1. As declaracións por alteración do titular catastral e por variación de cota de participación en bens inmobles (901N) deberanse presentar acompañadas da seguinte documentación:

a) Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento que acredite a alteración, xa sexa escritura pública, documento privado, sentenza xudicial, certificación do Rexistro da Propiedade, ou outros.

b) Naqueles supostos en que a adquisición do ben ou dereito fose realizada en común polos cónxuxes, sempre que o documento en que se formalice a alteración non acredite a existencia do matrimonio, achegarase, ademais, orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do libro de familia ou calquera documento que acredite tal condición.

c) Se se constitúe un dereito de superficie ou unha concesión administrativa sobre parte dun ben inmovible, deberase presentar tamén a documentación que reflicte a descrición gráfica do inmovible orixinal antes da constitución da concesión administrativa ou dereito de superficie e a descrición gráfica do inmovible resultante sobre o cal recae a concesión administrativa ou dereito de superficie, con planos a escala que reflictan todas as cotas necesarias para realizar o cálculo de superficies.

Cando a modificación da titularidade ou a variación das cotas de participación afecten simultaneamente bens inmobles urbanos e rústicos, presentaranse dúas declaracións diferentes, unha para cada tipo ou clase dos referidos bens inmobles. Se a adquisición de todos eles se realizou en virtude dun mesmo acto ou negocio, será suficiente a achega dun só exemplar da documentación que preceptivamente debe acompañar estas declaracións.

2. As declaracións por nova construción, ampliación, reforma ou rehabilitación de bens inmobles (902N) deberanse presentar acompañadas da seguinte documentación:

a) Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do certificado final de obra, visado polo colexio profesional correspondente ou, no seu defecto, de calquera outro documento que permita acreditar a terminación da obra.

b) Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, da escritura de obra nova, en caso de que se outorgase este documento.

c) Fotografía do edificio completo, realizada en cor e tamaño 10 x 15 centímetros. Se o edificio ten máis dunha fachada, achegarase unha fotografía de cada unha das fachadas. Esta documentación poderase achegar tamén en soporte informático, en formato JPG.

d) Plano de localización, con indicación do nome da localidade, da vía pública e do número, representado preferentemente sobre a cartografía catastral obtida da Oficina Virtual do Catastro.

e) Plano da parcela, acotado e superficiado con indicación da escala, representado tamén, de maneira preferente, na mesma cartografía referida na alínea anterior.

f) Planos acotados por cada planta do edificio con distinta distribución, de conformidade coa obra realmente

executada. Nestes planos representarase cada un dos locais con uso diferenciado, tales como vivenda, garaxe ou rocho, con expresión das superficies construídas.

g) Memoria de materiais e calidades do proxecto executado.

h) Documentación acreditativa do custo de execución material das obras.

A documentación prevista nas alíneas g) e h) anteriores poderase substituír por un certificado do secretario municipal ou persoa que teña atribuídas as funcións de fe pública, comprensivo desta información, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito que sexa suficiente para a súa acreditación, de conformidade co artigo 24 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril.

Poderase declarar tamén neste modelo a división horizontal do inmovible cando esta se formalice ao mesmo tempo que a obra nova, ampliación, reforma ou rehabilitación, achegando orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, da correspondente escritura pública. Neste caso, a distribución de locais ou elementos privativos a representar en cada un dos planos de planta do edificio será coincidente coa descrición existente na división horizontal. Así mesmo, representarase graficamente os espazos correspondentes a todos os elementos comúns con expresión das superficies construídas.

Se a declaración afecta rochos ou prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ao uso e desfrute exclusivo e permanente dun titular, achegarase tamén orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento público acreditativo da dita adscrición, así como do plano a escala descritivo da distribución dos rochos e prazas de estacionamento afectados, xunto co cadro de superficies construídas asignadas a estes.

Cando se trate dun edificio acollido a calquera réxime de protección pública, achegarase orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, da cédula de cualificación definitiva.

3. As declaracións catastrais por agregación, agrupación, segregación ou división de bens inmoables (903N) deberanse presentar acompañadas da seguinte documentación:

a) Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento que acredite a alteración, xa sexa escritura pública, contrato privado, sentenza xudicial, certificación do Rexistro da Propiedade, ou outros.

b) Descrición gráfica da situación anterior, mediante plano catastral obtido da Oficina Virtual do Catastro e planos a escala ou esbozo que reflectan todas as cotas necesarias para realizar o cálculo de superficies. En caso de imposibilidade de obter o plano da Oficina Virtual do Catastro, poderase achegar esbozo de localización, con indicación de municipio, referencia catastral, vía, número, lugar, polígono e parcela.

c) Descrición gráfica da situación resultante, mediante planos a escala ou esbozo que reflectan todas as cotas necesarias para realizar o cálculo de superficies. No caso de división horizontal dun inmovible, achegaranse planos acotados por cada planta do edificio con distinta distribución, nos cales se representará cada un dos locais ou elementos privativos, con uso diferenciado, tales como vivenda, garaxe ou rocho, coincidente coa descrición existente na división horizontal, así como a representación de todos os elementos comúns, con expresión das superficies construídas. Se a declaración afecta rochos ou prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ao uso e desfrute exclusivo e permanente dun titular, achegarase tamén orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento público acreditativo da dita adscrición, así como plano a escala descritivo da súa distribución, con expresión das superficies construídas.

d) No caso de agrupacións e agregacións en que a parcela resultante non se vexa alterada na súa configuración física por incluír de forma íntegra todas as parcelas

agrupadas ou agregadas, será suficiente con achegar o plano obtido da Oficina Virtual do Catastro, con indicación das referencias catastrais correspondentes.

4. As declaracións por demolición ou derrubamento, cambio de clase de cultivo ou aproveitamento e cambio de uso (904N) deberanse presentar acompañadas da seguinte documentación:

a) Orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento acreditativo da alteración, como pode ser a licenza ou autorización administrativa, o proxecto visado e un certificado técnico ou documento equivalente.

b) Descrición gráfica da situación resultante cando se trate dun suposto de demolición ou derrubamento parcial, e tamén nos casos de cambio de clase de cultivo ou aproveitamento que afecten soamente parte dunha subparcela e nos cambios de uso ou destino que non afecten todas as construcións situadas no inmovible, realizada sobre plano catastral obtido da Oficina Virtual do Catastro e planos a escala ou esbozo que reflectan todas as cotas necesarias para realizar o cálculo de superficies. En caso de imposibilidade de obter o plano da Oficina Virtual do Catastro, poderase achegar esbozo de localización, con indicación de municipio, referencia catastral, vía, número, lugar, polígono e parcela.

**Artigo 4. *Modificacións da titularidade relacionadas con alteracións por nova construción, ampliación, reforma, rehabilitación, agregación, agrupación, segregación e división.***

Cando se declare, simultaneamente, xunto a algún dos feitos, actos ou negocios enumerados nos puntos dous e tres do artigo terceiro, unha modificación da titularidade, deberase achegar, ademais, orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do documento que acredite a alteración, xa sexa escritura pública, contrato privado, sentenza xudicial, certificación do Rexistro da Propiedade, ou outros. Se a adquisición do ben ou dereito foi realizada en común polos cónxuxes, e o documento en que se formaliza a adquisición non acredita a existencia do matrimonio, achegarase, ademais, orixinal e fotocopia, ou copia cotexada, do libro de familia ou de calquera documento que acredite tal condición.

**Artigo 5. *Elaboración de impresos polas entidades locais.***

As declaracións catastrais que se presenten nos concellos ou noutras entidades locais en virtude de convenios de colaboración subscritos coa Dirección Xeral do Catastro poderanse formalizar en impresos elaborados polas citadas entidades, sempre que os ditos impresos se axusten á estrutura e contido dos modelos que se aproban mediante esta orde.

En todo caso, a utilización destes impresos requirirá autorización expresa da correspondente delegación do Ministerio de Economía e Facenda.

**Artigo 6. *Utilización de modelos de declaración de tributos municipais como medio de presentación de declaracións catastrais.***

De conformidade co establecido no artigo 28.3 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril, polo que se desenvolve o texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, os modelos de declaración-autoliquidación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana poderán ser utilizados como medio de presentación das declaracións catastrais por alteración da titularidade e por variación da cota de participación en bens inmoables, se así o prevé a ordenanza fiscal correspondente, sempre

que consten identificados o adquirente e o transmitente, o inmovible obxecto da transmisión, coa súa referencia catastral, e se achegase a documentación prevista no artigo 3.1.a) e b) desta orde.

Para tal fin, os concellos remitiranlles ás xerencias ou subxerencias do Catastro copia da declaración-autoliquidación presentada, que deberá estar asinada polo adquirente, e da documentación acreditativa referida anteriormente, salvo que exista un convenio de colaboración suscrito coa Dirección Xeral do Catastro para a tramitación deste tipo de declaracións catastrais, caso en que a información se remitirá nos formatos previstos no propio convenio.

**Artigo 7. Información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación do procedemento de comunicación previsto no artigo 14.b) do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.**

1. Cando a comunicación teña por obxecto a realización de novas construcións ou a ampliación, rehabilitación ou reforma das xa existentes, xa sexa parcial ou total, os concellos acollidos a este procedemento deberán pór en coñecemento da xerencia ou subxerencia do catastro competente a seguinte información:

- a) Referencia catastral do inmovible ou inmovibles afectados pola alteración.
- b) Número do expediente da licenza ou autorización outorgada.
- c) Data de terminación das obras.
- d) Documentación prevista nas alíneas c), d), e), f) e g) do artigo 3.2 desta orde. Non obstante, a documentación a que se refire a citada alínea g) do artigo 3.2 poderase substituír por un certificado do secretario municipal ou persoa que teña atribuídas as funcións de fe pública, comprensivo desta información, ou por calquera outro medio de proba admitido en dereito que sexa suficiente para a súa acreditación, de conformidade co artigo 24 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril.
- e) Custo de execución.
- f) Se existe división horizontal a distribución de locais ou elementos privativos a representar en cada un dos planos de planta do edificio será coincidente coa descrición existente na dita división horizontal. Así mesmo, representaranse graficamente os espazos correspondentes a elementos comúns con expresión das superficies construídas.

Ademais, acompañarase a relación dos coeficientes de participación de cada un dos inmovibles que integran os edificios, con indicación dos locais mutuamente vinculados entre si.

g) Apelidos e nome ou razón social, NIF ou NIE e domicilio fiscal dos titulares dos inmovibles. A remisión desta información terá carácter voluntario de acordo co disposto no artigo 30.2 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril.

2. Cando se trate da demolición ou o derrubamento das construcións, ou da modificación de uso ou destino de edificios e instalacións, os concellos deberán comunicar a data de realización da demolición ou o derrubamento ou, se é o caso, a do outorgamento da autorización administrativa da modificación de uso ou destino, así como a indicación do novo uso ou destino autorizado, a referencia catastral do inmovible ou inmovibles afectados pola alteración e a documentación gráfica prevista no artigo 3.4.b) desta orde.

**Artigo 8. Información gráfica e alfanumérica necesaria para a tramitación do procedemento de comunicación previsto no artigo 14.c) do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario.**

1. Cando o contido da comunicación teña por obxecto a resolución dun procedemento de concentra-

ción parcelaria, un deslindamento administrativo, unha expropiación forzosa, ou a execución de proxectos de compensación, reparcelación e urbanización, ou figuras análogas previstas na lexislación autonómica, as administracións públicas actuantes deberán pór en coñecemento da xerencia ou subxerencia territorial do catastro competente a seguinte información:

- a) Referencia catastral do inmovible ou inmovibles afectados.
- b) Data da alteración conforme o previsto no artigo 36 do Real decreto 417/2006, do 7 de abril.
- c) Descrición parcelaria da situación anterior, preferentemente mediante plano catastral da Oficina Virtual do Catastro.
- d) Descrición gráfica da situación resultante, mediante planos acotados e superficializados.
- e) Apelidos e nome ou razón social, NIF ou NIE e domicilio fiscal dos propietarios dos inmovibles resultantes.

2. Cando o contido da comunicación teña por obxecto modificacións do planeamento que supoñan alteracións na natureza do solo, a Administración actuante que aprobase definitivamente a figura de planeamento correspondente, deberá pór en coñecemento da xerencia ou subxerencia territorial do Catastro competente a seguinte información:

- a) Data de aprobación definitiva da modificación do planeamento e da súa publicación no boletín oficial correspondente.
- b) Documentación gráfica da zona afectada, preferentemente mediante plano catastral da Oficina Virtual do Catastro.
- c) Especificacións de uso e edificabilidade.

3. Cando o contido da comunicación teña por obxecto a execución subsidiaria de obras de rehabilitación, demolición ou derrubamento, derivadas do incumprimento do deber de conservación das edificacións, así como aquelas que se deriven do incumprimento da función social da propiedade, a Administración actuante deberá pór en coñecemento da xerencia ou subxerencia territorial do catastro competente a seguinte información:

- a) Data de terminación das obras.
- b) Plano de localización, con indicación do nome da localidade, da vía pública e número, representado preferentemente sobre a cartografía catastral obtida da Oficina Virtual do Catastro.
- c) Fotografía do edificio completo.
- d) Planos acotados por cada planta do edificio con distinta distribución de conformidade coa obra realmente executada.
- e) Descrición gráfica da situación resultante cando se trate dun suposto de demolición ou derrubamento.

4. Cando a comunicación teña por obxecto a ocupación directa de terreos destinados a dotacións, a Administración actuante deberá pór en coñecemento da xerencia ou subxerencia territorial do Catastro competente a seguinte información:

- a) Referencia catastral do inmovible.
- b) Apelidos e nome ou razón social, NIF ou NIE e domicilio fiscal dos propietarios dos inmovibles afectados.

Disposición adicional primeira. *Utilización de medios telemáticos.*

Unha. Co fin de lles facilitar aos interesados a formalización das declaracións catastrais, os modelos aprobados por esta orde estarán dispoñibles na páxina web da Dirección Xeral do Catastro (<http://www.catastro.meh.es>).

Dúas. A Dirección Xeral do Catastro establecerá as especificacións e requisitos necesarios para que as declaracións e comunicacións a que se refire esta orde se poidan realizar e notificar por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que se garanta a autenticidade, integridade, confidencialidade e non repudio do envío.

Tres. A presentación da documentación orixinal especificada nos distintos artigos desta orde realizarase sempre para os meros efectos da súa comprobación, e devolveránselle ao declarante, se así o solicita no acto da súa presentación, unha vez efectuada aquela. A documentación gráfica presentarase preferentemente en soporte magnético, en formato DXF, DGN, DWG ou similar.

Disposición adicional segunda. *Presentación de declaracións por fedatarios públicos e outras entidades, institucións e organizacións.*

Unha. A Dirección Xeral do Catastro poderá celebrar convenios para que os fedatarios públicos, sen prexuízo da obriga de realizar ante o Catastro as comunicacións a que se refire o artigo 14.a) do texto refundido da Lei do catastro inmobiliario, poidan presentar as declaracións catastrais correspondentes a aquelas alteracións inmobiliarias de que teñan coñecemento como consecuencia dos documentos que outorguen ou inscriban, actuando como mandatarios dos obrigados tributarios, conforme os requisitos, condicións e formatos de entrega da información que se establezan, todo isto de acordo co disposto no artigo 92 da Lei xeral tributaria.

Dúas. Tamén se poderán acoller a esta fórmula de colaboración outras entidades, institucións ou organizacións representativas de sectores profesionais que interveñan no tráfico inmobiliario.

Disposición adicional terceira. *Incorporación ao Sistema de Verificación de Datos de Identidade.*

Tan pronto se produza a entrada en vigor da orde ministerial a que se refire a disposición derradeira primeira do Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a achega de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, os modelos aprobados por esta orde incorporarán un recadro específico onde se fará constar o consentimento do declarante para que os seus datos de identidade persoal poidan ser consultados pola Administración catastral mediante o Sistema de Verificación de Datos de Identidade previsto no citado real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde e, en particular, a Orde do 10 de febreiro de 1999 pola que se aproban os modelos de declaración de alteracións catastrais concernentes a bens inmobles.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 19 de outubro de 2006.—O vicepresidente primeiro do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

## MINISTERIO DE FOMENTO

**19826** *REAL DECRETO 1225/2006, do 27 de outubro, polo que se modifica o Regulamento da Lei de ordenación dos transportes terrestres, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro. («BOE» 273, do 15-11-2006.)*

A Lei 29/2003, do 8 de outubro, sobre mellora das condicións de competencia e seguranza no mercado do transporte por estrada, introduciu importantes modificacións sobre o texto da Lei 16/1987, do 30 de xullo, de ordenación dos transportes terrestres.

Faise precisa, como consecuencia, unha modificación paralela do regulamento, aprobado polo Real decreto 1211/1990, do 28 de setembro, en diante ROTT, polo que se desenvolve a segunda das mencionadas leis, co fin de acomodar o contido daquel ao desta.

Tendo en conta, ademais, a data en que se aprobou o ROTT, pareceu conveniente non desaproveitar a oportunidade que a referida modificación ofrecía para realizar unha revisión a fondo do seu contido que permita acomodar os seus preceptos aos cambios operados desde entón no mercado de transportes.

Razoablemente, esta modificación estivo presidida polas orientacións marcadas polo Plan Estratégico para o Transporte de Mercadorías por Estrada (PETRA) e o Plan de Liñas de Actuación para o Transporte en Autobús (PLATA), respectivamente aprobados en xuño de 2001 e en maio de 2002, contando co consenso xeneralizado do conxunto dos sectores empresariais e sociais involucrados nun e outro mercados de transporte.

Seguindo tales orientacións, preténdese coa presente modificación do ROTT a consecución de varios obxectivos de carácter xeral.

Por unha parte, téntase facilitar e incentivar a competencia a través dunha mellora da estrutura empresarial, eliminando ou reducindo todas aquelas exixencias normativas que, sen resultaren imprescindibles para a adecuada ordenación do mercado, supuñan pexas para isto.

Así mesmo, preténdese mellorar as condicións de competencia, a través do reforzo e equiparación das condicións de acceso ao mercado.

Paralelamente, introdúcense modificacións tendentes a mellorar a competitividade empresarial a través da ampliación do ámbito de autonomía económica e de xestión das empresas, afondando no concepto de explotación dos servizos ao seu risco e ventura.

Cabe destacar, como aspectos máis significativos da modificación levada a cabo, os seguintes:

No ámbito sociolaboral, esténdense aos condutores autónomos as proteccións que, en materia de seguranza e saúde no traballo e prevención de riscos laborais, resulten, se for o caso, de aplicación aos condutores por conta allea na realización de operacións de carga e descarga dos vehículos.

En relación coas xuntas arbitrais do transporte, introdúcense pequenos cambios de procedemento, aconsellados pola experiencia acumulada durante anos de funcionamento das xuntas, co albo de aumentar a súa eficacia.

Dáselles cabida no Consello Nacional de Transportes Terrestres ás respectivas representacións das persoas de mobilidade reducida e das empresas ferroviarias distintas de RENFE e FEVE que puideren existir no futuro.

Polo que respecta ás condicións de acceso ao mercado de transportes, exceptúase algún suposto máis da obriga de obter autorización de transporte, elévase o nivel de exixencia en materia de honorabilidade dos empresarios e introdúcense modificacións que permitirán estable-